

GRIAL 249 (XAN.FEB.MAR.2026)



VARIOS

SINOPSIS

Ramón Otero Pedrayo, unha homenaxe xusta. Patricia Arias Chachero. Xesús Alonso Montero dicía que Ramón Otero Pedrayo era un autor “oceánico”, e tiña razón. Cando faltan poucas semanas para que se conmemore o quincuaxésimo aniversario do seu pasamento, e hai meses que o Parlamento de Galicia declarou, por unanimidade, o 2026 como Ano Oteriano, continúan aparecendo documentos que revelan datos importantes sobre a súa biografía, o seu compromiso coa Terra e o seu quefacer literario. Don Xesús dicía tamén que en cada escrito de Otero Pedrayo, por irrelevante que fose, hai sempre unha frase, unha palabra ou unha idea valiosa. Tamén nisto acertaba. Nas cartas que enviaba, nos prólogos que redactaba —mesmo naqueles que asinaba por compromiso, por non desilusionar—, nas conferencias que pronunciaba e incluso nas anotacións que facía nas súas axendas e nas marxes dos seus libros, é sinxelo entrever a súa bonhomía, o compromiso férreo e a sinceridade sen físgoas da súa entrega. Na súa colaboración, Xosé Antón Pastoriza escolleu abordar as relacións que don Ramón mantivo, na posguerra, cos exiliados. Neste caso cos homes que, desde Venezuela e capitaneados por Ramiro Isla Couto e Silvio Santiago, traballaban silandeiamente pola cultura galega. As viaxes a América denotan un labor político en tempos delicados e en ocasións perigosos, desde logo gravoso na vida do intelectual case octoxenario. Con estes catro traballos e os documentos que xunto a eles se reproducen, o número 249 da revista Grial, o primeiro con María López Sánchez como directora da revista, quere ofrecerlles aos amantes das letras galegas, aos herdeiros de don Ramón, unha pequena mostra do seu quefacer e do seu legado. Non son, con seguridade, as únicas achegas que aparecerán nestas páxinas ao longo deste Ano Oteriano 2026....



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	<Genérica>
Colección	GRIAL
EAN	9789200193460
Estado	Dispoñible
Páginas	180
Tamaño	270x180x0 mm.
Precio (Imp. inc.)	15,00€
Fecha de lanzamento	29/04/2026

Títulos relacionados



GRIAL 238 (A.M.X.2023) 1963. O ANO DO PRODIGIO VARIOS



GRIAL 245 (X.F.M.2025) CULTURA, ARTES E IDENTIDADES. I FORO GRIAL VARIOS



GRIAL 9 (X.A.S, 1965) VARIOS



GRIAL 11 (X.F.M, 1966) VARIOS